

## **MEMORIA DECLARACIÓN**

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE CENTROS DE MENORES (AGACEME) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE REFORZO E APOIO EDUCATIVO INTEGRAL DOS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES DOS CENTROS DE PROTECCIÓN Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA**

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Asociación galega de centros de menores (AGACEME) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación galega de centros de menores (AGACEME) para contribuír ao financiamento durante 2024 por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención pública, para o desenvolvemento do programa de reforzo e apoio educativo integral dos nenos, nenas e adolescentes que están en centros de acollemento residencial do ámbito de protección de menores, para mellorar, apoiar e reforzar a súa educación integral.

Que existe converxencia de intereses entre a entidade asinante en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O obxectivo xeral e a súa finalidade é contribuír a mellorar, apoiar e reforzar a educación integral dos nenos, nenas e adolescentes que se atopan en acollemento



residencial. Este programa concíbese co propósito de atender e apoiar as posibles necesidades especiais que poidan sufrir estas persoas menores que están no ámbito de protección de menores. Polo que irá dirixido a axudar aos nenos, nenas e adolescentes para que poidan desenvolver con éxito as súas capacidades tanto académicas, como persoais e emocionais e lograr a plena integración no ámbito educativo, persoal e social

A entidade Asociación galega de centros de menores (AGACEME), que figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia con data de inscrición 24/05/2021 e co código E7281, é unha asociación patronal, ao amparo da Lei 19/1977, de 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro, que desenvolve as actividades no ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia, sendo o seu ámbito profesional a atención á infancia, xuventude, adolescencia e as súas familias.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

A Consellería de Política Social e Igualdade aboará a Asociación galega de centros de menores (AGACEME) para a realización de actuacións obxecto do programa subvencionado, 295.399,47 €, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, partida orzamentaria 38.02.312B.481.0, proxecto de gasto 2016 00174.

O número de prazas de atención a nenos, nenas e adolescentes nas casas de familia e minirresidencias involucradas neste convenio é de 59 prazas de carácter xeral, 15 de carácter especial e 22 de atención de día, polo que o total é de 96 prazas de atención directa a nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, nos centros vinculados a este convenio.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Complexo Administrativo San Caetano S/N. Edificio 8A  
15781 Santiago de Compostela  
Tlfn. 981 544 655  
[dxfamilia.politicasocial@xunta.gal](mailto:dxfamilia.politicasocial@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE*

